

{ DE TODO UN POUCO }

Poeta e loitador



Xosé Neira Vilas

EN Cuba sempre camiñan xuntos poesía e combate. Poetas eran Carlos Manuel de Céspedes e José Martí. E foi no máis acá, Rubén Martínez Villena, e no noso tempo, Ernesto Che Guevara. Hoxe quero referirme a un poeta habaneiro de arestora: Manuel Álvarez Fuentes, fillo de galego e cubana; ama fondamente o seu país e ó mesmo tempo séntese galego de segunda xeración. Ten agora 73 anos. Tomou parte nas loitas xuvenís dos anos 50, e integrou o

Movemento 26 de xullo. Milita no Frente Estudantil, edita revistas, actúa na loita clandestina, e un día incorpórase ó Exército Rebelde. É licenciado en Economía. Traballa en diversos organismos do novo Estado. Máis alá dos seus cargos, escribe poesía en galego. Séntese arraizado na súa patria anterior. Vencellouse a entidades galegas da emigración, e integra o obradoiro literario Fontenla Leal.

É asiduo participante nas actividades das sociedades galegas da emigración. Foi tamén filatelista e músico. Publicou os poemarios *Eu teño dúas patrias* e *O canto da nosa terra*, ademais de moitos poemas soltos que me foi enviando.

Pero hai máis, atento ó devir deste noso mundo, este home internacionalista que ama dúas patrias por igual, é tamén profesor de galego. Chégame a noticia de que vén de celebrarse un acto no que foron entregados os diplomas a sete estudantes (catro homes e tres mulleres). Recibiu dende Galicia a felicitación de Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística.

Parabéns para este amigo.

Escritor